



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Camíño Real s/n
15570 Narón (A Coruña)
Tlf.: 881.938.159 Fax: 81.938.170
e-mail: ies.terra.trasancos@edu.xunta.es
web: www.edu.xunta.es/centros/iesterratrasancos

PROXECTO LINGÜÍSTICO

IES TERRA DE TRASANCOS



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. MARCO LEGAL.....	3
3. DIAGNÓSTICO INICIAL.....	4
4. CONSIDERACIÓNS XENÉRICAS REFERIDAS AO ALUMNADO.....	4
5. OBXECTIVOS XERAIS.....	4
6. LIÑAS DE ACTUACIÓN.....	5
7. ACTUACIÓNS A RESPECTO DO USO DAS LINGUAS.....	5
A) USO DAS LINGUAS NO CENTRO. COMUNICACIÓNS FORMAIS E INSTITUCIONAIS.....	5
B) USO DAS LINGUAS NAS AULAS. DISTRIBUCIÓN DE LINGUAS POR MATERIAS.....	5
8. ACTUACIÓNS A RESPECTO DO ENSINO E APRENDIZAXE DAS LINGUAS.....	5
9. RELACIÓNS CON OUTROS PLANS E PROXECTOS DO CENTRO.....	6
A) O Plan de Dinamización Lingüística.....	6
B) O Plan de Lectura.....	6
C) O Plan de Biblioteca.....	7
10. ANEXO: MODELO DE CLASIFICACIÓN DE TIPOLOXÍA TEXTUAL.....	8



1. INTRODUCCIÓN

O desenvolvemento integral das habilidades lingüísticas é un pilar fundamental que moldea o acceso ao coñecemento e a participación activa na sociedade. O Proxecto Lingüístico do IES Terra de Trasancos concíbese co propósito de potenciar as destrezas de falar, escoitar, ler e escribir entre os nosos estudantes. Recoñecendo a importancia que estas habilidades teñen na aprendizaxe e na vida cotiá, comprometémonos a proporcionar unha contorna educativa enriquecida e estimulante que permita a cada alumno alcanzar o seu máximo potencial lingüístico.

Nun mundo cada vez máis interconectado e globalizado, a competencia comunicativa eríxese como un requisito esencial para o éxito académico e profesional. Dominar estas catro destrezas non só implica a capacidade de expresarse con claridade e coherencia, senón tamén de comprender e contextualizar información de maneira crítica e reflexiva. Desde a escoita activa ata a expresión escrita, cada unha destas habilidades desempeña un papel crucial na construción do pensamento crítico, a creatividade e a autonomía do estudante. Por tanto, o noso proxecto eríxese como un compromiso que brinda as ferramentas lingüísticas necesarias para que os nosos alumnos se desenvolvan con éxito nun mundo cada vez máis diverso e esixente.

Este proxecto dá cabida á aprendizaxe de lingua galega, castelá, linguas estranxeiras (francés e inglés) e linguas clásicas pola gran influencia que exerceron e continúan exercendo nas linguas modernas e na nosa cultura. O estudo das linguas clásicas, latín e grego, ten valor instrumental para a aprendizaxe de linguas e da cultura occidental proporcionando un substrato cultural que permite comprender o mundo, os acontecementos e os sentimentos e que contribúe á educación cívica e cultural do alumnado. Estas linguas teñen como principal obxectivo o desenvolvemento dunha conciencia crítica e humanista desde a que poder entender e analizar as achegas da civilización latina e grega á identidade europea, a través da lectura e a comprensión de fontes primarias e da adquisición de técnicas de comprensión de textos.

2. MARCO LEGAL

1. Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG 25/05/2010)
2. DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Constitución española:
 - Art. 3.3. A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.
4. Estatuto de Autonomía:
 - Art. 5.1. A lingua propia de Galicia é o galego.
 - Arti. 5.2. Os idiomas galego e castelán son oficiais de Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
 - Art. 5.3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.
5. Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística
 - Art. 1. O galego é a lingua propia de Galicia. Todos os galegos teñen o dereito de coñecelo e de usalo.
 - Art. 12. O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos.



3. DIAGNÓSTICO INICIAL

Deseño dunha ferramenta de avaliación do uso das distintas linguas (galego, castelán, inglés, francés...) no contexto da comunidade educativa e elaboración dun estudo sociolingüístico sobre a actitude cara esas linguas. Trátase de coñecer a situación actual para favorecer e potenciar o uso das linguas menos empregadas. A lingua oficial empregada no centro para comunicacións entre profesorado, coas familias, presentación de actos, documentos oficiais... adoita ser o galego.

4. CONSIDERACIÓNS XENÉRICAS REFERIDAS AO ALUMNADO

No IES Terra de Trasancos a diversidade lingüística é un trazo distintivo que reflicte a riqueza cultural da nosa comunidade educativa. Aínda que o castelán se erixe como a lingua de fala predominante entre os alumnos, foméntase o uso e respecto cara ao galego, así como o interese e aprendizaxe das linguas estranxeiras, especialmente o inglés e francés. O respecto polo galego é un valor fundamental na nosa comunidade. Aínda que non sexa a lingua predominante, recoñécese a súa importancia como parte integral da nosa identidade rexional. A promoción do galego en actividades culturais e académicas contribúe á preservación da nosa herdanza lingüística.

Por outra banda, cada vez máis, os nosos alumnos mostran interese nas linguas estranxeiras, especialmente no inglés. Este entusiasmo non só se traduce na aula, senón tamén na participación activa en programas de intercambio, clubs de idiomas e proxectos internacionais. Este compromiso evidencia a conciencia da importancia global do inglés e o seu papel como ponte cara a oportunidades académicas e profesionais.

A diversidade lingüística no IES Terra de Trasancos non só radica na aprendizaxe cotiá das linguas, senón tamén na integración de actividades que celebran esta variedade: Concursos literarios e proxectos que fomentan o intercambio de experiencias lingüísticas e contribúen a un ambiente educativo inclusivo e enriquecedor.

En resumo, a coexistencia harmoniosa das linguas no noso instituto reflicte o compromiso coa diversidade, o respecto polas raíces culturais e o estímulo constante cara á apertura a novas linguas e horizontes.

5. OBXECTIVOS XERAIS

- Conseguir o uso normalizado do galego e do castelán e o dominio no uso do francés e do inglés. As linguas suman. O dominio dunha lingua sempre favorece a aprendizaxe de novas linguas ou idiomas.
- Tentar superar os prexuízos existentes cara á lingua galega.
- Fomentar o uso da lingua galega tanto oral coma escrita.
- Apreciar a lingua galega como vehículo de comunicación na vida social.
- Valorar o patrimonio histórico, cultural, artístico e lingüístico de Galicia, como ben común que debemos respectar e transmitir ás xeracións futuras.



- Fomentar a aprendizaxe das linguas estranxeiras a través de intercambios, proxectos educativos bilingües, viaxes didácticas, programas de inmersión lingüística, etc.
- Comprometer na tarefa normalizadora o maior número posible de membros da comunidade educativa.
- Fomentar a coexistencia harmónica e respectuosa entre as dúas linguas oficiais da Comunidade.
- Avanzar na consolidación dun currículo integrado das linguas para acordar terminoloxía e sincronizar a explicación de elementos comúns.
- Adquirir destrezas comunicativas: escoitar, escribir, saber ler e explicar.
- Inculcar unha actitude positiva ante o plurilingüismo.
- Inculcar no alumnado unha actitude de esforzo para comprender e ser comprendido oralmente e por escrito.

6. LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Realización dunha diagnose do uso das linguas no centro e a partir dos resultados actuar para reforzar as linguas con menor uso. Cumprida vixencia do proxecto realizar outra diagnose para valorar se se acadaron os obxectivos.
- Propoñer ao longo do curso pequenos proxectos interdisciplinares para que se poñan en práctica as destrezas adquiridas nas distintas linguas e nos que colaboren activamente diferentes departamentos didácticos. Estes proxectos permitirán aos alumnos aplicar de maneira práctica as destrezas adquiridas nas clases de idiomas, así como desenvolver a súa capacidade para comunicarse de maneira efectiva en contextos reais e variados. Ademais, fomentar a colaboración entre profesores de distintas materias para deseñar actividades que promovan o uso activo e reflexivo das linguas no ámbito académico.
- Establecer relacións do PL co Plan de Lectura, Plan de biblioteca e Plan de dinamización lingüística.
- Coordinar co profesorado especialista a atención á diversidade no ámbito lingüístico.

7. ACTUACIÓNS A RESPECTO DO USO DAS LINGUAS

A) USO DAS LINGUAS NO CENTRO. COMUNICACIÓNS FORMAIS E INSTITUCIONAIS

En xeral, a lingua vehicular para as comunicacións formais e institucionais do centro será a lingua galega, tanto nos documentos coma nos espazos dixitais, para a comunicación interna e a comunicación coa comunidade educativa.

B) USO DAS LINGUAS NAS AULAS. DISTRIBUCIÓN DE LINGUAS POR MATERIAS

A distribución de linguas por materias queda reflectida no Plan Xeral Anual e actualízase cada ano. Véxase o PXA para este apartado.



8. ACTUACIÓNS A RESPECTO DO ENSINO E APRENDIZAXE DAS LINGUAS

Todas as materias contribúen a adquirir as seguintes destrezas: lectura comprensiva, escritura, comunicación oral e escoita activa.

A mesma dinámica da clase leva implícitas a comunicación oral e a escoita. É fundamental que a escoita sexa activa (atención plena e retención, evitando as interrupcións) para mellorar a comprensión.

En canto á lectura e produción escrita, cabe salientar que cada materia ten os seus propios tipos de textos e a clave do éxito está en ensinar a manexar e comprender correctamente os mesmos.

Máis alá do coñecemento, o estudo e a valoración das diferentes linguas (curriculares e non curriculares) presentes na vida do alumnado, a clave está no desenvolvemento dunha competencia comunicativa ampla e normalizada, isto é, o desenvolvemento da capacidade de usar as linguas que cadaquén coñece e manexa, nos planos receptivo, produtivo e interactivo; no ámbito da oralidade, da escrita (en diferentes formatos e soportes) e mesmo do pensamento, nun amplo e variado abano de xéneros discursivos e contextos sociais.

Esta competencia, como todas as competencias clave, non pode circunscribirse ao ámbito das áreas ou materias lingüísticas, pois é responsabilidade de todo o profesorado, tendo en conta que todas as materias contan coas destrezas comunicativas como canle para o ensino e as aprendizaxes. De todos é, polo tanto, a responsabilidade de ofrecer ao alumnado experiencias educativas que teñan en conta a importancia da expresión oral e escrita, do razoamento e o pensamento crítico, ou do diálogo e a conversa como compoñentes esenciais para o progreso nas diferentes áreas.

Cómpre establecer cales poden ser as contribucións de cada área/materia ao desenvolvemento desta competencia comunicativa, plurilingüe e multicultural do alumnado, sexa a través da participación en tarefas que implican a expresión oral ou escrita, sexa a partir do coñecemento de “xéneros discursivos” de especial relevancia nas diferentes disciplinas. Estes saberes deben ser ensinados e - isto é clave - tidos en conta na avaliación do progreso do alumnado nas materias curriculares.

Achégase como anexo un documento para profundar neste apartado.

9. RELACIÓNS CON OUTROS PLANS E PROXECTOS DO CENTRO

A) O Plan de Dinamización Lingüística

No marco do *Proxecto lingüístico* do instituto, levaranse a cabo diversas actividades de dinamización destinadas a fomentar o uso e a valoración do galego como lingua propia da nosa comunidade. A través de talleres interactivos, concursos, xogos lingüísticos e debates culturais, os estudantes terán a oportunidade de familiarizarse co idioma galego, enriquecendo así a súa competencia comunicativa e o seu sentido de pertenza cultural.

B) O Plan de Lectura

A través do *Plan lector* do instituto, tamén se realizarán unha serie de actividades orientadas a fomentar o plurilingüismo e o aprecio polas diferentes linguas. A través da lectura de obras literarias en varios idiomas, concursos, clubs de lectura, teatro, recitais poéticos e a realización de diferentes proxectos creativos multilingües, buscarase promover o interese e o respecto polas linguas na comunidade educativa. Estas iniciativas non só contribuirán ao desenvolvemento de habilidades lingüísticas, senón tamén á valoración da riqueza cultural que representan as distintas formas de expresión. Así mesmo, fomentarase o uso activo e reflexivo das linguas en diferentes contextos, consolidando así un enfoque inclusivo e enriquecedor dentro do



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Camiño Real s/n
15570 Narón (A Coruña)
Tlf.: 881.938.159 Fax: 81.938.170
e-mail: ies.terra.trasancos@edu.xunta.es
web: www.edu.xunta.es/centros/iesterratrasancos

proceso educativo do instituto.

C) O Plan de Biblioteca

A biblioteca do instituto conmemora diversas efemérides ao longo do ano con actividades especiais: O Día das Bibliotecas, Sanmaín, o Día contra a Violencia de Xénero, Día da Poesía, Día do Libro ou o Día das Letras Galegas. As actividades realizadas son variadas: lectura e vídeos de contos de terror, concursos literarios, homenaxes a autores con exposicións sobre a súa obra, talleres de poesía, etc.



10. ANEXO: MODELO DE CLASIFICACIÓN DE TIPOLOXÍA TEXTUAL

MODELO DE CLASIFICACIÓN DE TIPOLOGÍAS TEXTUALES

Ana M^a Kauffman y M^a Elena Rodríguez

TRAMA	Palabras que describen...	Palabras que justifican, explican...	Palabras que conversan	Palabras que cuentan...	Palabras que explican, guían, opinan y también narran, describen...
La función predominante del discurso...	TRAMA DESCRIPTIVA	TRAMA ARGUMENTATIVA	TRAMA DIALÓGICA	TRAMA NARRATIVA	TRAMA EXPOSITIVA
INFORMATIVA Hacer conocer el mundo real o imaginado	Datos de enciclopedia Informes (de experimentos o seguimiento de sucesos) Hojas de trabajo Ficha resumen Diccionario Libros de consulta Nota Invitaciones Libros colectivos	Notas de opinión Libros colectivos	Entrevista Reportaje Cómic Tebeos	Carta Noticia (periódicos, revistas) Biografía Relatos Dichos populares Libros colectivos Informes (de experimentos o seguimiento de sucesos)	Bibliografía Índice Calendario Mapa Plano Tarjeta personal Hoja de trabajo Listado Libros de consulta Mural Cartel Agenda Guías de turismo Enciclopedia
EXPRESIVA Manifestar estados de ánimo, afectos, emociones...	Mural Libros colectivos	Libros colectivos		Carta Anécdota Diario personal Álbumes de fotos	Títulos de cuadros
APELATIVA Incidir en el comportamiento del destinatario	Folletos Anuncio Cartel Receta Instrucciones (juegos, armado de elementos,...)	Carta Folleto Anuncio Cartel	Aviso publicitario	Carta Anuncio Cartel	Cartel Etiquetas Anuncio
LITERARIA Busca crear estética con originalidad	Adivinanza Poema Rima Suertes Acrósticos Sopa de letras		Obra de teatro	Cuento Novela Poema Mito Rima Canciones Villancicos	Mural